


Ruta moi accesible nunha das zonas máis elevadas da cidade, o que permite gozar de estupendas vistas panorámicas e achegarse a coñecer a Cidade da Cultura, así como os bosques que a rodean.

Propónese o seu inicio na Colexiata Santa María a Real do Sar, unha construcción do século XII á beira do río Sar que é, xunto coa Catedral, a igrexa que mellor conserva a súa primitiva fábrica románica. Desde aí dirixímonos á Ponte do Sar, cruzámola e seguimos uns 160 m máis, até o cruzamento, onde debemos virar á esquerda para ascender pola rúa de Diego Bernal ata o acceso principal ao Bosque de Galicia. Ascendemos pola falda do Monte Gaiás cara ao cartel informativo e, ao chegar ao cruzamento de camiños, viramos á dereita e continuamos a senda até o seguinte cruzamento, onde debemos seguir a senda da dereita polo Bosque do Camiño, un pequeno bosque onde crecen árbores plantadas por persoas que peregrinaron a Compostela. Un pouco máis adiante, o camiño xira á esquerda, e na seguinte curva, á dereita, para culminar o ascenso na zona dos edificios. Ao chegar ás proximidades do conxunto escultórico Zapatos no Camiño, en concreto á bota de granito, continuar pola dereita para poder acceder ao Xardín Literario, espazo verde dedicado aos escritores e poetas galegos. A senda continúa en liña recta para ver desde arriba o Xardín do Teatro, e desde aí vira á esquerda, en paralelo ao Museo Centro Gaiás, até chegar ás escaleiras (na parte baixa hai un panel que sinala o horizonte da cidade) e xira á dereita para acceder ao Banco do Peregrino, e ascender a continuación pola pista en paralelo ao edificio. A ruta bordea a zona do parque infantil e continúa polo medio das esculturas Espellos, cara ao panel de placas solares e despois pola pista de terra, virando á dereita. Esa pista conduce, sen desvíos, até o aparcamento da Cidade da Cultura, onde a senda xira á esquerda, en dirección á estrada e cruza polo paso de peóns cara ao Parque do Lago. O sendeiro continúa recto, ata chegar ao ximnasio ao aire libre, onde xira á esquerda e despois á dereita para pasar por diante do lago.

Cruzando a plataforma de madeira, o sendeiro continúa até a estrada, onde vira á dereita para chegar a unha rotonda á altura da cal atopamos o panel que indica a senda do río Sar, que nos levará de volta ao punto de inicio. A escasos 100 m do comezo do sendeiro fluvial, cruzamos a ponte de madeira e seguimos en paralelo ao río pola súa marxe dereita augas abajo sen desviarnos ata alcanzar a Ponte das Brañas de Sar e despois a Ponte do Sar, e a Colexiata Santa María a Real do Sar.



sendas próximas

- 05. Río Sar > Muíño de Parceiros
- 06. Río Sar > Bosque do Banquete de Conxo
- 08. Monte Viso [Senda Mitolóxica]
 - Xiro dos Montes "Monte Gaias - Monte Viso"



ten en conta



> Roupa e calzado apropriados para camiñar e adaptados á meteoroloxía e condicións do sendeiro.



> As sendas fluviais adoitan ser moi húmidas, e más tras días de choiva, en que poden aparecer zonas encharcadas ou esvaradiñas.



> Mantén limpia a contorna e respecta a biodiversidade.
> Axúdanos a mellorar. Agradecemos os teus comentarios, suxestións ou avisos sobre o estado da senda en sendas@santiagoturismo.com



co apoio de
Deputación
DA CORUÑA




san 07

santiago
natural

sendas

de Santiago de Compostela

Bosque de Galicia >
Cidade da Cultura >
Parque do Lago



distancia:

5,2 km

duración 1,40 h
dificultade baixa



RUTA VIRTUAL



ruta circular



público familiar



apto bicis



parcialmente
sinalizada



*Fotos: Turismo de Santiago



- Bosque / Zona verde
- Miradoiro
- Zona de Restauración
- Ponte
- Parada de autobús
- Aparcamiento
- Punto de interés